

BEATUS QUI LEGIT

XESÚS ALONSO MONTERO

«Traca-Traco»: eufonía poética

Traca-Traco é un libro de Paco Rivas que ten como subtítulo, xusto e xeitoso, *24 cantigas de nanar, un aloumiño e un arrollo*. É un agasallo filolóxico bater con versos, ben medidos e ben trobados, protagonizados por un vocabulario que o autor administra con man de meigo: berce, arrollo, colo, churruqueiro, aloumiño, nanar, galano, picariño, ruxe-ruxe... Paco Rivas, poeta, tamén é lingüista, neste intre un dos máis eficaces investigadores da fraseoloxía do mar e dos mariñeiros, realidade que coñece moi ben desde que reside, hai tempo, en Nois, na costa luguesa.

A súa última achega neste eido é o volume *De punta a chicote. Así falan os mariñeiros*, excelentemente prologado polo profesor e dialectólogo Francisco Fernández Rei, especialista na materia. Foi el quen presentou esta monografía, o 3 de agosto, na Feira do Libro d'A Coruña; na mesma sesión eu presenteí o libro de poemas. Ambos os dous foron publicados por Edicións do Cumio (Ponte Caldelas), que, no libro de poemas, conseguiu un volume de excelencia editorial. Contén unhas axeitadas ilustracións de Alfonso Otero Regal e un CD cos poemas de Paco Rivas musicados por el mesmo e interpretados por un elenco ben escolleito de voces e instrumentistas. Cada plana do volume, coa letra, o debuxo e a partitura, constitúe un galano para os ollos.

E tanta regalía para que? Para que os pais e avós durman aos picariños coa axuda, loxicamente, de Pedro Chosco, o noso Morfeo rural e mariñeiro. Por certo, o primeiro poema titúlase *Aloumiño para chamar a Pedro Chosco*, onde hai versos da engaiolante feitura literaria dos catro da penúltima estrofa: «Meu Pedro Chosco Chosqueiro, / fareiro das estreliñas, / estraperlista de soños, / arrolador de meniñas».

Cando, hoxe, a Sociolingüística nos alerta de que é grave, para o futuro do idioma galego, que, en certas familias, quebre o fío xeracional, o manualiño poético de Paco Rivas pode contribuír a que o galego siga presente en moitos fogares nos primeiros anos da relación pais-filos. Logo, Gramsci dirá!

Á luz desta reflexión, escribín, no prólogo de *Traca-Traco*: «A Secretaría Xeral de Política Lingüística debería promocionar con entusiasmo este libro pois está na liña dun dos seus máis importantes deberes: normalizar ou consolidar o idioma galego nunha delicada zona cronolóxica da vida da familia. Se existise no noso organigrama goberamental a Secretaría Xeral de Delicados Asuntos Poéticos, ese departamento espallaría o fermosísimo libro de Paco Rivas».

LEDICIA COSTAS ESCRITORA

«As musas son conto chino. Creo no traballo, horas e horas, no currar»

UN DÍA PREGUNTOULLE Á SÚA NAI SE NON LLE CHAMABA A ATENCIÓN QUE CANDO ERA NENA PASARA HORAS E HORAS NO SEU CUARTO LENDO E ENCHENDO CADERNOS. A RESPONDA MATERNA FOI QUE SI, QUE NON LLES PARECÍA MOI NORMAL, «PERO PENSAMOS QUE XA SE CHE PASARÍA». LEDICIA COSTAS (VIGO, 1979), QUE RI LEMBRANDO A RESPONDA, NON PERDEU A SÚA PAIXÓN POLA LITERATURA. AO CONTRARIO, FOI MEDRANDO CON ELA

RODRI GARCÍA | «Síntome poeta con alma de equilibrista, porque recito nos lugares máis propicios á caída: no autobús, no supermercado, nos bares, en tendas de conxelados... E debe ser por iso que formo parte do colectivo Poetas da Hostia». Este é un anaco da autobiografía de Leticia Costas, aínda que hai sitios aos que non é tan doado levar a lírica: «Nun mercado de Vigo non nos deixaron entrar a recitar e iso que era un 24 de Nadal e explicámos que íamos agasallar poesía, levabamos guitarras e poemas». O garda de seguridade non lles deixou entrar, algo que a escritora lembra cun sorriso.

—Os seus últimos libros, a novela «Recinto Gris» e os relatos de «Un animal chamado Néboa», publicados por Xerais, están ambientados na Segunda Guerra Mundial. Por que?

—Lin moitas cousas desa guerra, documenteime moito, é un tema do que son unha apaixonada. Observei que non había libros para a rapazada sobre o holocausto e escribín *Recinto gris*, unha distopía, un mundo gobernado por lobos. Hai moitas cousas sobre a guerra civil pero non sobre a guerra mundial.

—«Un animal chamado Néboa» está tendo moi boas críticas, non?

—Si, a acollida está sendo boa e estou contenta. Hai que seguir o pulso da xente.

—É o seu primeiro libro digamos que para adultos?

—É o primeiro que me publican de relatos para adultos pero teño moitos relatos, no disco duro do ordenador.

—Terá feita unha copia?

—Agora si, despois de levar



EDUARDO CASTRO

algún susto que outro e de perder algúns textos. Agora saíron estes relatos e no futuro saíran outros.

—E que vai pasar coa súa literatura infantil e xuvenil, a súa poesía...?

—Intento organizarme. Teño moita produción en infantil e xuvenil. Vai saír unha precuela de *Escarlatina*, a *cociñeira defunta*, que me está acaparando a maior parte do meu tempo. Vaise titular *Esmeraldina*. A primeira defunta (Xerais). *Escarlatina* é unha nena que está morta, e estaba buscándolle un nome para cando estaba viva, e resulta que moita xente preguntaba por *Esmeraldina* en lugar de *Escarlatina*, así que dese xeito axudáronme a atopar o nome. En resumo, que hai que traballar moito para vivir da literatura.

—Vive da literatura?

—Bueno, non é unha cousa que conte moito, pero levo tres anos vivindo da literatura porque como avogada morría da fame. Así que decidín investir todo o meu tempo na literatura. Fago ao revés de moitos outros que traballan noutra cousa e no tempo libre escriben. Eu no tempo libre saio a respirar e por

iso teño unha produción tan grande, porque paso moito tempo.

—Dálle moitas voltas á escrita, a unha idea?

—Cando escribo son moi obsesiva. É algo que teño que recoñecer, sen pudor.

—Ten algunha receita para chegar aos lectores?

—Aquí non hai receitas; ese é un invento que non funciona. Eu en realidade escribo o que me gustaría ler e escribo con toda a paixón, con toda a cabeza, con todos os meus sentimentos.

—Ten axuda das musas ou non se leva con elas?

—Iso das musas é unha historia que nos contaron cando éramos novos, un conto chino. Creo no traballo, horas e horas sentada diante do ordenador, non sempre escribindo, porque moito tempo estás pensando... Creo no currar.

—Faltan lectores?

—Eu fago a lectura en positivo: temos unha rede de profesionais que se implican a tope: clubs de lectura, profesores, bibliotecas... Na literatura infantil e xuvenil está entrando un grupo moi amplo de lectores que logo van ir por si mesmos a buscar libros galegos.